



PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, NUNHA PRAZA DENOMINADA ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A OBRAS PÚBLICAS, ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICOS MEDIOS, GRUPO A - SUBGRUPO A2, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023 (BOP núm. 200, do 29.08.2024)

### 1.- IDENTIFICACIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES

Ao obxecto de continuar co proceso selectivo o Tribunal, en acto público celebrado o venres día 31.01.2025, abre o sobre que contén as tarxetas co número de control e a identificación das persoas participantes no proceso selectivo, resultando como se sinala a continuación:

Nº CONTROL	APELIDOS E NOME
01	IGLESIAS MÉNDEZ, GEMA
02	MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, JOSÉ MARÍA
03	OTERO PEREIRAS, MARÍA
04	PIÑEIRO GARCÍA, JOSÉ MANUEL
05	VILA PAZ, CRISTINA
07	SANTALLA CASTRO, LAURA

### 2.- PROBA DE GALEGO (Base Específica 7.4)

Non é necesario realizar a proba de galego prevista na base específica 7.4, xa que as persoas aspirantes que continúan no proceso selectivo, acreditan estar en posesión do nivel do galego Celga 4 esixido na base específica 5.2 da convocatoria.

### 3.- APERTURA DO PRAZO DE ACREDITACIÓN DE MÉRITOS

As persoas aspirantes que superaron a fase de oposición, deberán acreditar unicamente os méritos relacionados na súa solicitude de participación, tal e como se sinala en cada un dos apartados do baremo que figura na base específica 8.

Para realizar as acreditacións de méritos, as persoas aspirantes deberán ter en conta que os documentos acreditativos deber ser auténticos, estar validados ou cotexados.

	IV7VEEANFIB5VHXKAEHVD5ROM4	Fecha y Hora	03/02/2025 14:32:56
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ (SECRETARIO-INTERVENTOR)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VEEANFIB5VHXKAEHVD5ROM4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VEEANFIB5VHXKAEHVD5ROM4</a>	Página	1/2





Se os méritos non se acreditan tal e como sinalan as bases non serán tidos en conta polo Tribunal.

**3.1.- Prazo de presentación**

O prazo será de dez (10) días hábiles a contar dende o seguinte o da publicación do presente anuncio na páxina web corporativa e no taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo.

**3.2.- Lugar de presentación**

a) A través da sede electrónica da Deputación de Lugo.

As persoas aspirantes que contan con todos os documentos acreditativos dos méritos relacionados na solicitude, autenticados, validados ou compulsados, poderán incorporalos a través da sede electrónica, accedendo a súa solicitude de participación no proceso selectivo, no apartado "incorporar documentación", debendo asinar e rexistrar dito trámite.

b) No Rexistro Xeral da entidade de forma presencial, debendo facilitar a data e número de rexistro de entrada da solicitude de participación no proceso selectivo.

No suposto de que sexa necesario realizar validacións/compulsas de méritos, deberán achegarse os documentos orixinais, que serán devoltos as persoas aspirantes, unha vez sexan incorporados aos respectivos expedientes.

c) Nos demais lugares que se sinalan no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**3.3.- Méritos que constan na entidade**

As persoas que prestan ou prestaron servizos na Deputación de Lugo, incorporáraselles de oficio na solicitude de participación do proceso selectivo, a certificación de servizos prestados na entidade e a ficha formativa, na que figuran os méritos acreditados no seu expediente persoal, polo que NON será necesario que presenten a dita documentación.

Ámbos documentos deberán ser asinados pola persoa aspirante, e incorporados ao expediente no que figura a súa solicitude de participación, ao obxecto de darlle conformidade.

A secretaria do Tribunal,

O presente documento estará  
exposto no Taboleiro de  
Anuncios desta Deputación  
desde o día 04-02-2025  
ata a día 26-02-2025

O XEFE DA UNIDADE  
PORTERÍA E VIXIANCIA

	IV7VEEANFIB5VHXKAEHVD5ROM4	Fecha y Hora	03/02/2025 14:32:56
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ (SECRETARIO-INTERVENTOR)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VEEANFIB5VHXKAEHVD5ROM4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VEEANFIB5VHXKAEHVD5ROM4</a>	Página	2/2

